

PRIMEIRAS FOLLAS

DO CADERNO

DA SOIDADE

Lema: *O viño do solitario*

algún tempo estará ao meu favor
os cantos do meu ser pensarán por si mesmos
a vida terá sentido

rematarei algunha poesía e non precisará de título
restaranme horas para lugares comúns e prosas vivas
a vida terá sentido

pero este día e esta hora non coñecen de plenitude
debo seguir escribindo
instintivo, violento, cos petos cheos de amor e insuficiencia

serea
non sei se me cantas ou me falas
pero escoito a túa voz
e a espera convérteme en poeta

tal vez non sexa poeta
soñándoo todo
pero tampouco son amante
ao fin e ao cabo non teño nada

mais pasaría por ser o teu *fillo pródigo*
pois...que sentido ten a propiedade?

esta é agora a inmateria
a vulgar metafísica que flúe en min
a viaxe do teu Ulises

espero en verso o teu reclamo
que abril pase e me disolva as penas
que maio veña e me acenda a alma
que xuño naufrague e me abrace
que xullo afogue
ou me rescate
pois non teño ollos para ninguén
só para ti
para sorprenderte co meu rostro tremendo
no litoral do meu nome que te desexa áinda na tormenta

non teño ollos para ninguén
só para ti
dentro de ti
repetíndote ata o infinito
coma un capitán borracho
de ron vello e silencios
que quere levar a súa memoria á deriva

non sei amar, nunca souben amar
as derrotas nocturnas das feridas
semre de norte a sur
do oeste a ningures
capitán, capitán borracho
que só ten ollos para ti

emprendo esta viaxe doéndome enteiro o mar
pero prefiro estar morto, escuro, sen raíces
antes que deixar de elevar áncoras
e intentar chegar algunha vez...

Quédome coa miña alma soamente;
unha bágoa faime xirar o pedal da bicicleta
e recórdome a min mesmo que estou feito de pedra;
despego os meus brazos do peito,
neste mes de maio un retratista pobre
arrebatoume a miña bolboreta negra con pintas brancas;
os pasos xa son só zapatos
sen embargo, o millo vai madurando,
e o corazón pendúrase cunha corda de xeo
facendo tabiques irradiados de sorrisos;
precipítome fatalmente cara o son da soíade,
un trombón murmurame que ninguén durma,
quérome chamar Calaf e facerlle o amor á esperanza...
na residencia do frío,
cantarlle a unha cidade a balada perpetua da estrela prisioneira;
agora, a badalada descompasada dos meus ollos resoa no corpo dun barco
abandonado...
aterra frustrado de seres barbados e cobrizos de tantos anos xa:
“navegar e tanto amar ao deus amarrado á balanza do tempo”;
teño medo da vida escamada que me morde as unllas,
do temporal que a dor esqueceu nas penas da muller resignada.

Atópome só

e sei que esta é a única condición certa do home;

atópome só,

abrumado polas boas compañías, pero só;

esta soildade non ten paredes

e faime ser demasiado libre...tanto

que se me afixe o corazón;

preferiría non ver tan claro a paisaxe

e escoitar con menos medo a miña voz

para afogar todo ruído libertario;

en fin, que me atopo só

e esta sentencia acércame demasiado á realidade;

¿por qué a vida é tan fermosa e non me alcanza?

¿por qué este latexo do tempo me fire desvelándome todas as madrugadas?

¿por qué existe a paralizante e xélida costume en min?

Só

coas miñas tristezas vellas.

Só

facéndolle trampas aos nocturnos berros do meu silencio.

Só

botándolle auga bendita á miña face para poder mirarme no espello.

Só

coas miñas ausencias presentes no amencer do Elíseo.

Só

colgándome de cada fráxil e perfumado satélite.

Só

sabéndome derrotado na tártara loita da culpa.

Só

coas miñas voces interiores fatigadas de andar entre as montañas.

Doume conta de que o mar xa non está

e que xa non é preciso revelarme contra as figuras feridas

arrastradas polo océano absoluto da miña alma...

pero estou só, coa mirada perdida nos desertos coídos

e teño medo...de novo,

debo tomar unha decisión e nada me asegura que non vaia acertar.

Sigo estrañándote.

En todo este tempo non atopei metáforas.

Recórdete tal como eras.

A xente vai pasando

e ti segues en min, a cada paso.

Todo é estático.

Só vexo os anos.

As imaxes xordas da memoria.

Non dixen aínda nada que merecera a pena.

Son un habitante tremente máis.

O mundo móvese

e a min só me *edúcache para a alma*.

Sigo poñendo o mesmo traxe cada fin de ano.

No fondo deste poeta non declarado

o seu canto resulta coma o fume do teu tabaco.

Tranquilo, aínda sorrió.

Nada podo discutir xa contigo e,

como comprenderás, estou canso dos meus monólogos.

Estou canso de min.

Non quero, non debo abandonar.

Tampouco añoro o futuro,

pero debo estar sen ti.

Volvo a ter fe.

Un misterio, o misterio.

Descubrindo, descubrinme o día do teu nome.

Alguén me dixo:

“non pode ser que non os volvamos a ver”.

Claro que pode ser, todo pode ser,

pero ti *edúcacheme para alma e case o esquezo*.

Non me resigno coa memoria e soño.

Algo posúe a condición de esperanza

e trato de buscar a súa forma.

Dignidade.

Sigo estrañándote.

Esta foi a miña vida desde que te fuches.

Cortei algunha das túas maceiras

pero hai margaridas entre a herba

e o teu piñeiro aínda me cobixa en sombra.

Ámote como si foras miña;
neste tempo de odio á posesión, ámote
e non sei si ti, ninguén ou nada
pode apartar do aire o peso
do corpo que en soños amo.

Ámote nese xusto soño
de outorgarme a min mesmo este sitio,
este camiño
de calar
e vivir co medo e buscar o motivo
dun acerto ou dun erro que non cometín...
de darme a gloria
de facerche vibrar ata exterminarme...
de atopar na miña alma a túa parte certeira
que esquece que non é suficiente
mirarte e seguir andando
con esta memoria túa e miña
que nos rescata de ano en ano.

Ámote e fágome estas feridas
porque nada pode ser peor
que non poder dicirche nunca un adeus
se é que sempre te atopo a cada intre en mí
en formas inxenuas, simples e frívolas
que desdebuxan o meu sorriso
nos pregues das túas sabas
e figuran a miña morte
co cheiro da túa pel áinda por descubrir.

Ámote
e ninguén nin nada nin ti mesma
pode evitar que me derrube en sombras
conténdome, recolléndome, agochándome
deste amor que nunca che din.